



# CONCELLO DE ARTEIXO

SERVIZO MUNICIPAL DE DEPORTES  
RELGA N.º 2000/141

Travesía de Arteixo, 249 – 3º  
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Fax: 981 60 25 28

Email: deportes@arteixo.dicoruna.es

## Liga Municipal de Fútbol Sala

Desde a Concellería de Deportes queremos agradecervos a confianza depositada en nos participando nesta actividade, unha das competicións locais con máis tradición de toda a comarca, acadando os 76 equipos e 1.000 xogadores participantes. Desexamos contar coa vosa participación para a vindeira tempada 2011/2012, que comezará a primeira semana de novembro, polo que a continuación detallamos o proceso de inscrición:

Tanto as renovacións como as novas inscricións deberán facerse unicamente persoándose no Pazo dos Deportes de Arteixo (Avenida de Arsenio Iglesias s/n), en horario de 20.00 a 22.00 h de luns a venres nas datas descritas a continuación

**Renovación de prazas** (só para os equipos que participaron na liga de fútbol sala na tempada 2010/2011)

- Prazo: Do 3 ao 14 de outubro (ambos inclusive)
- Entrega da documentación e xustificante de pago antes das 22.00 h do 14 de outubro de 2011 no Pazo dos Deportes

### **Novas inscricións:**

- Prazo: do 18 ao 21 de outubro (ambos inclusive)
- Entrega da documentación e xustificante de pago antes das 22.00 h do 21 de outubro de 2011 no Pazo dos Deportes

Á hora de tramitar a inscrición será necesaria a seguinte **DOCUMENTACIÓN:**

- **Renovación de fichas**
  - Faranse fichas novas a todos os xogadores.
  - Hai que presentar obrigatoriamente dúas fotografías e unha fotocopia do D.N.I por xogador
- **Folla de inscrición**
  - Enviarase por mail a todos os equipos interesados. Do mesmo xeito poderase recoller no Pazo dos Deportes en horario de atención ao público nas datas referidas e debe vir cuberta cos datos do equipo e dos xogadores
- **Xustificante de pago**
  - No Pazo dos Deportes cubrirase o impreso para abonar no banco a taxa de inscrición da liga de fútbol sala.

Todo aquel que entregue fóra de prazo calquer documentación, pasará á lista de espera para poder inscribirse, perdendo os dereitos adquiridos.

Do mesmo xeito informamos que desde este tempada todos os xogadores inscritos disporán dunha póliza que cubrirá a asistencia sanitaria por lesións producidas durante os partidos. No comenzo da tempada haberá unha reunión informativa do protocolo a seguir.

O reglamento sufrirá algunha pequena variación en orde a mellorar a competición. Un dos cambios será que só se podrán completar as fichas de xogadores ata o 31 de decembro.

Ningún xogador que dea un sinistro de accidente do seguro da liga poderá ser substituído por outro xogador ao longo da tempada.

Así mesmo o número máximo de xogadores será 12.

Sen outro particular, recibide un cordial saúdo

En Arteixo, 29 de xullo de 2011

SERVIZO MUNICIPAL DE DEPORTES